

GUÍA DIDÁCTICA

a

Historia do JAZZ

nun Concerto

por

ISRAEL ARRANZ

(MAROSA JAZZ PROJECT)

ÍNDICE

		pág.
• Presentación		3
	Introducción	3
	sobre a Marosa Jazz Project	4
	acerca do autor: Israel Arranz	6
• A Historia do Jazz nun concerto		7
	Programa do concerto e táboa cronolóxico-estilística	7
	Árbore cronolóxica	8
	O Jazz: unha definición musical	9
	<u>-O Jazz Clásico</u>	9
	New Orleans Jazz	10
	Swing	10
	<u>-O Jazz Moderno</u>	11
	Be bop	11
	Latin jazz	13
	Cool	14
	Hard bop	15
	Jazz modal	16
	Free jazz	16
	Jazz-Rock	17

PRESENTACIÓN

INTRODUCCIÓN

Dende hai pouco máis dun lustro, comezou n´A Mariña luguesa a nacer un interese especial polo jazz e pola música moderna. A proliferación de concertos, seminarios especializados, jam sessions, etc., nesta comarca, son un feito que está á vista de todos.

Nembargantes, o aspecto didáctico desta música segue a ser unha materia pendente no ámbito da educación deste país. Mais, coma en calquera tradición consolidada, o achegamento desta música ós máis novos, tamén debe construírse sobre uns cimentos e ter unha xénese.

Por iso, queremos aportar o noso grao de area e achegar este práctico dossier para todos os públicos, para coñecemento e disfrute dun concerto que, agardamos, resulte tan ilustrativo como ameno.

sobre a **MAROSA JAZZ PROJECT**

www.marosajazzproject.blogspot.com



O cuarteto Marosa Jazz Project dáse a coñecer o 30 de Xullo de 2008 con motivo do I Seminario de Jazz e Música Moderna de Burela. Os seus integrantes teñen, pese á súa xuventude, unha recoñecida e dilatada traxectoria musical e docente dentro do panorama galego.

Se ben no seu inicio o repertorio e interpretación eran máis eclécticos, rapidamente o latin-jazz fusion convírtese no estilo que caracteriza á agrupación. Se a isto se lle engade o tipo de formación tan pouco usual (saxo alto, vibráfono, baixo eléctrico e batería) e as composicións e arranxos propios, o resultado é unha banda orixinal con grande personalidade.

Marosa Jazz Project é máis que unha agrupación musical, pois entre os seus obxectivos están a difusión do jazz e as súas variantes entre todos os públicos, especialmente entre os máis novos, desenvolvendo neste sentido numerosos concertos

A Historia do Jazz nun Concerto

Concertos Didáticos na Semana dos Museo (Rede Museística de Lugo)

didáticos e jam sessions abertas a rapaces e rapazas da Mariña lucense interesados na improvisación, no jazz e nas músicas modernas en xeral.

Froito das súas actuacións e de distintas experiencias didácticas, tiveron a sorte de contar coa colaboración de distintos músicos, entre os que destacan o saxofonista José Nine, o pianista Javier Constenla, o trombonista Roberto Pacheco ou cantante Leo Giannetto, así como a supervisión musical do vibrafonista Arturo Serra.

En setembro de 2010 gravan a súa primeira maqueta. Teñen actuado en distintos lugares da xeografía galega, dando concertos de todo tipo, que van desde as jam sessions ata audicións de tipo didáctico para colexios. Entre os seus concertos destacan os ofrecidos no MACUF da Coruña, nas distintas edicións do Seminario de Jazz e Música Moderna de Burela, así como no VII Festival de Jazz de Vigo. Foron finalistas no I Festival de Jazz de Castropol e en xullo de 2011 gañan o Premio do Público do “I Concurso de Maquetas Musicales Jazz Fussion”, organizado por tendas FNAC e Fundación Paideia Galiza.



acerca do autor: **ISRAEL ARRANZ**

www.israelarranz.blogspot.com

Profesor de percusión, jazz, director da Burela Blues Band e subdirector da Banda de Música Municipal de Burela na *Escola de Música Municipal de Burela* e profesor de percusión na *Escola de Música Municipal “La Fábrica” de Oleiros* e na *Escola de Música Municipal de Guitiriz*.



(Lugo 1985) As súas primeiras nocións musicais son do seu pai Jesús. Diplómase en Mestre, especialidade en educación musical na USC e en 2007 obtén a 1ª praza no Conservatorio Superior de Música da Coruña, rematando actualmente o Grao Superior de percusión. Especialízase no jazz en *ESTUDIO escola de música* de Compostela, en Sassenheim (Holanda) con David Friedman e Tony Miceli, e viaxando regularmente a Málaga co vibrafonista de jazz, Arturo Serra. En 2009 acude ás clases do máximo referente mundial do vibráfono e marimba do latin-jazz, o lexendario Dave Samuels. Foi pianista, arranxista e vocalista na Orquesta Variedades durante 5 anos e ten colaborado con moitas e variadas agrupacións.

Como vibrafonista, forma parte de varios proxectos musicais: *Arranz Trio*, formación de repertorio barroco en clave de jazz; *Paraphernalia Cuarteto*, formación de jazz moderno e contemporáneo; *Cumbe*, formación de música afro-caribeña e latina; lidera ademáis o cuarteto de latin-jazz burelés, *Marosa Jazz Project*, finalista no I Festival de Jazz de Castropol e gañador a nivel nacional do Premio do Público do “I Concurso de Maquetas Musicales Jazz Fusion 2011”. Recentemente, presentan o seu primeiro traballo discográfico, “MJP”.

Israel Arranz toca con baquetas Morgan Mallets

A HISTORIA DO JAZZ NUN CONCERTO

PROGRAMA DO CONCERTO E TÁBOA CRONOLÓXICO-ESTILÍSTICA

	TEMA	COMPOSITOR	SUBXÉNERO	ÉPOCA
<u>1</u>	<u>MJP</u>	<i>Israel Arranz</i>	(tema de apertura-presentación do concerto)	
<u>2</u>	<u>ROYAL GARDEN BLUES</u>	<i>Joe Williams & Spencer Williams</i>	<i>New Orleans Jazz</i>	Finais s. XIX 1º ¼ s. XX
<u>3</u>	<u>TAKE THE "A" TRAIN</u>	<i>Billy Strayhorn</i>	<i>Swing</i>	Década 1930
<u>4</u>	<u>A NIGHT IN TUNISIA</u>	<i>Dizzy Gillespie</i>	<i>Be bop</i>	Década 1940
<u>5</u>	<u>SOUL SAUCE</u>	<i>Chano Pozo & Dizzy Gillespie</i>	<i>Latin-jazz</i>	Década 1940
<u>6</u>	<u>TAKE FIVE</u>	<i>Paul Desmond</i>	<i>Cool</i>	Década 1950
<u>7</u>	<u>FIRM ROOTS</u>	<i>Cedar Walton</i>	<i>Hard bop</i>	Mediados 1950
<u>8</u>	<u>SO WHAT</u>	<i>Miles Davis</i>	<i>Jazz Modal</i>	a partir de 1959
<u>9</u>	<u>A LOVE SUPREME</u>	<i>John Coltrane</i>	<i>Free Jazz</i>	Década 1960
<u>10</u>	<u>SOUL INTRO-THE CHICKEN</u>	<i>Jaco Pastorius</i>	<i>Jazz Rock Fussion</i>	Década 1970

O JAZZ: Unha definición musical

Independentemente do subxénero jazzístico, que é moi amplo e diverso, podemos nomear unha serie de rasgos comúns e característicos de todo o xénero:

1. Improvisación, tanto do grupo como do solista.
2. Presencia de sección rítmica no conxunto (sección usualmente formado por batería, baixo e algún instrumento harmónico, como o piano, o banjo ou a guitarra)
3. Patrón metronómico subxacente sobre o que se delinean melodías sincopadas e figuras rítmicas
4. Emprego dos formatos do blues e da canción popular na maioría das interpretacións
5. Organización harmónica tonal, con emprego frecuente da escala de blues con fins melódicos
6. Rasgos tímbricos dende a perspectiva vocal como dende a instrumental, así como outras técnicas de execución características dos diversos subxéneros de jazz: vibratos, glissandos, articulacións, etc.
7. Por último: estética centrada no intérprete ou intérprete-compositor antes que no compositor

Nembargantes, estes rasgos non son exclusivos do jazz. Asímesmo, é posible que un ou varios destes elementos esten ausentes dunha interpretación jazzística. Por exemplo, algúns arranxos característicos das big-bands da era do *swing* non permitían ningunha improvisación, ou outras limitaban a improvisación a un ou dous breaks instrumentais.

JAZZ CLÁSICO

O jazz xurde pola mestura e combinación de diferentes fontes e elementos musicais. Por unha parte, da cultura negra procedente de África levada a América:

- a tradición musical africana (destacando a riqueza e variedade rítmica), os espirituais, o ragtime, o gospel, e cancións de traballo, entre os máis destacados.

Por outra parte, da cultura europea levada a América:

- as bandas militares de música e a tradición musical europea (destacando especialmente a harmonía, é dicir, o noso sistema tonal e os instrumentos empregados).

NEW ORLEANS JAZZ



Entre o último lustro do século XIX e o primelro cuarto de século do século XX desenvólvese o que se denomina como “*New Orleans Jazz*” e/ou “*Jazz tradicional*”. Nesta primeira etapa, o jazz desta época non é máis que a música instrumental e improvisada das bandas de New Orleans, caracterizado por unha sección rítmica (normalmente batería, contrabaixo e piano ou banjo) e unha sección de vento tripartita (formada por clarinete, corneta e trombón). En calquer acto, fora un enterro, a inauguración dun establecemento, unha boda, unha festa... había sempre unha banda.

SWING

En Norteamérica, a comezos dos anos 1930, remataba unha mala época chea de problemas económicos que encheron as rúas de tristeza. Todos tiñan ganas de cambiar, querían pasalo ben e esquecer os malos tempos, e para iso, o mellor era reunirse para escoitar música e bailar. Acudían a salas de baile nas que as grandes orquestras interpretaban temas con un ritmo que todo o mundo podía seguir. Tamén comezaron a escoltar música pola radio, o cal era unha novidade. Pensade que naquela época non había televisión, nin compact-disc, nin mp3. A radio era o máis moderno.

Así comezou a Idade de Ouro do Jazz: o *SWING*, coa característica principal é que se trataba dunha música que se podía e debía bailar, entre outras cousas por un cambio de ritmo que suavizaba os compases de dous tempos do estilo *New Orleans* (é dicir, da etapa anterior) nun compás de catro tempos. Outra característica moi importante foi a aparición das *big-bands*. Unha big-band é unha orquestra grande de músicos, cun elevado número de instrumentistas na sección de ventos, que toca música de *jazz*, especialmente *swing*. A banda divídese nun número de seccións por instrumentos. Todas as bandas teñen unha sección de ritmo (batería, contrabaixo, piano e a veces guitarra) e unha sección de vento (trompetas, trombóns e saxofóns).

Dentro do estilo, os compositores e intérpretes máis destacados foron: **Duke Ellington**, **Count Basie**, **Benny Goodman** (o rei do swing), **Lionel Hampton**, **Glenn Miller**, **Lester Young**...



Duke Ellington



Benny Goodman



Glenn Miller

JAZZ MODERNO

O período que comprende, e coincide con finais da II Guerra Mundial, ata o día de hoxe é o que se clasifica no Jazz como JAZZ MODERNO. Todo unha serie de aspectos sociais e musicais axudaron a realizar esta clasificación que comeza trala época do SWING.

BE BOP

O *be bop* é un estilo musical de jazz que se desenvolve na década dos anos corenta do século XX, sucedendo ó *swing*, esa música tan bailable que tocaban as big-bands. O novo estilo xurdeu nas xiras dos grupos itinerantes e nas *jam sessions* (reunión de músicos de jazz na que se improvisa sobre melodías coñecidas por todos e que se elixen no momento, improvisando libremente, dando rienda solta á súa imaxinación). Os iniciadores do *be bop* foron **Charlie Parker**, **Dizzy Gillespie**, **Thelonius Monk**, **Bud Powell**, **Max Roach** e **Kenny Clarke**, entre outros.



Dizzy Gillespie



Charlie Parker e Miles Davis

Estes músicos estaban cansos das limitacións que supuña tocar nas grandes orquestras de *swing* e rebeláronse contra os símbolos desta música, como os sinxelos *riffs* (ostinatos), as letras accesíbeis e a música para os bailes. A verdade é que a era do *swing*, tocara teito, exprimindo ó máximo as súas posibilidades, e os grandes músicos solistas só repetían as mesmas fórmulas musicais unha e outra noite. Ata que de súpeto o *be bop* revolucionou o jazz, facéndoo moi rápido gracias ó entorno no que se desenvolvía. Músicos de diferentes grupos reuníanse para tocar xuntos ou para enfrontarse a duelos musicais, como sucedeu en Harlem (New York). Corría o ano 1940 e o dono dun clube chamado Minton's Playhouse tivo a feliz idea de abrir ese local todas as noites a horas nos que os demais clubes pechaban. Así conseguiu reunir noite tras noite a músicos de jazz, que, libres do seu entorno habitual de traballo, se enfrascaban nas interminables e memorábeis *jam sessions*.

Musicalmente, o *be bop* realizou unha revolución melódica, armónica e rítmica:

- O grupo clásico do *be bop* consistía en saxo, trompeta, baixo, batería e piano, a diferenza das grandes formacións que caracterizaban a música de *swing*.
- Interpretaban ritmos rápidos e a improvisación tamén se volveu máis rápida e complexa.
- As frases comezaban e remataban nas partes débiles do compás (segunda e cuarta) e eran executadas a unha velocidade vertixinosa.

As melodías estaban cheas de saltos bruscos e destacaban as habilidades dos músicos. Nunca antes a técnica instrumental fora tan importante no jazz, nin os tempos tan rápidos... nin tan lentos. Tamén se complicou a harmonía, e os solos instrumentais ocupaban o centro de cada interpretación, intercalados entre unha exposición melódica inicial e outra final. Según Charlie Parker, todo improvisador debería ser capaz de usar calquera nota en calquera acorde; todo é cuestión de colocala no contexto correcto. Ademais, a sección rítmica, é dicir, a batería e o baixo, cobraron unha importancia que antes non tiñan. Estaban equiparados musicalmente cos trompetistas e pianistas que tocaban nos solos.

Pero tamén o *be bop* revolucionou o panorama social no que se movían os músicos. Por primeira vez esixiron a súa aceptación como artistas e non só como xente do espectáculo para entreter a un público branco. Coa chegada do *be bop*, toda unha xeración de músicos negros situouse ó mesmo nivel que artistas cultos, como os compositores clásicos, os dramaturgos, os poetas, os pintores...

O *be bop* puxo as bases de todo o jazz moderno, pero nunca chegou a ser tan popular como o *swing*, xa que non era unha música fácil, senón creativa e impredecible.

LATIN-JAZZ

Entedemos como *latin-jazz* ou jazz latino, o resultado da fusión entre calquera das diferentes músicas de orixe afro-caribeña, latinas e/ou brasileiras co jazz e os seus elementos.

Este fenómeno nace baixo o nome de *cubop* (contracción de Cuba e de *be bop*), a mediados dos anos da década de 1940, coincidindo coa oleada do mambo e do cha-cha-chá, os dous grandes ritmos cubanos dos anos cincuenta, que destronan á rumba e á conga. As figuras máis relevantes desta etapa son: **Dizzy Gillespie**, **Mario Bauzá** e **Chano Pozo**. Como norma xeral para que un combo ou orquestra de jazz toquen ou se consideren de *latin-jazz* debe contar con congas e/ou outros instrumentos de percusión latina na sección rítmica.



Dizzy Gillespie



Mario Bauzá



Chano Pozo

Ó longo da historia, numerosos músicos de orixe latina se interesaron polo jazz e viceversa. Nembargantes, no panorama jazzístico ata non hai moito a tendencia latina do jazz estaba bastante infravalorada. Quizáis, a figura máis representativa do jazz latino sexa o puertorriqueño **Tito Puente**, falecido no 2000. Actualmente, as figuras máis internacionais do latin-jazz son, entre outros: **Paquito d ´Rivera**, **Michel Camilo**, **Dave Valentín**, **Dave Samuels**...



Paquito d ´Rivera



Tito Puente



Dave Valentín



Dave Samuels

COOL

Na década de 1950 xurdiu un novo estilo de jazz que os seus propios intérpretes denominaron *cool* e que presentou unha verdadeira alternativa ó modelo do *be bop*. Para a maioría dos músicos novos, o *cool* era unha música verdadeiramente moderna, xa que, aínda que compartía moitas cousas co *bebop*, buscaba novas formas expresivas.

O *cool* xurdiu principalmente da colaboración entre o trompetista **Miles Davis** (antigo membro do grupo de Charlie Parker e músico clave no equilibrio do *be bop*) e o compositor e arranxista **Gil Evans** (da orquestra de Claude Thornhill de estilo de difícil clasificación, aportando harmonías e arranxos pouco habituais).

Gil Evans abriu as portas do seu apartamento reunindo a diferentes músicos da “escola *cool*” entre os que estaban Miles Davis, **Gerry Mulligan**, **Lee Konitz**, **John Lewis** e **Max Roach**. Formaron a **Orquestra ou Noneto Capitol**, coa particularidade de que non había ningún saxo tenor (algo inusual) pero sí con instrumentos como tuba ou trompa. O modelo que buscaban non era tanto un modelo orquestral senón un grupo de canto; Miles Davis quería que o grupo soase coma voces humanas, coma un coro. O resultado de todo ese traballo constitúeno os doce temas da versión completa do disco *Birth of the cool*. Algúns non o consideraron verdadeiro jazz e afirmaron que se alonxaba das súas raíces, acercándose máis á música clásica, pero, co tempo, o noneto de Davis converteuse nun dos máis innovadores da historia do jazz.

Musicalmente, o *cool* alonxábase da improvisación total e dos furiosos ritmos do *be bop*, era un estilo máis relaxado e orquestral que daba maior importancia ós arranxos. Tivo moitísimo éxito entre os músicos da costa oeste dos Estados Unidos, polo que tamén se denominou como *West Coast Jazz* e fíxose moi popular entre a xeración de novos músicos brancos, como **Chet Baker** e **Stan Getz**. Outros importantes músicos do *cool* foron **Lennie Tristano**, **Dave Brubeck** e **Art Pepper**.



Gil Evans e Miles Davis



Gerry Mulligan



Stan Getz



Chet Baker

HARD BOP

O *hard bop* foi un movemento que se desenvolveu a mediados da década de 1950, sendo un movemento poderoso e moi arraigado na cultura negra. Tivo unha xustificación social (en contra do racismo) e outra musical: frenar o que os músicos negros consideraban unha alteración do jazz a principios dos cincuenta por parte dos músicos brancos. Co *hard bop* recuperouse o arte da improvisación inspirado no gospel e, sobre todo, no *blues*, que volvía a ser unha peza central da música de jazz. Este é un dos motivos polos que resulta imposible dissociar *hard bop* do *funky*.

O baterista **Art Blakey**, que describiu o *hard bop* como “o movemento de volta ás orixes”, formou e dirixiu un proxecto fundamental do xénero: **The Jazz Messengers**. En 1954, Os Messengers presentáronse públicamente no clube Birdland, de New York. Nese momento, o seu director musical era o pianista **Horace Silver**. A música que ese día interpretaron foi inmediatamente recoñecida como a lexítima e natural herdeira do *be bop* e marcou as distancias con respecto ós músicos brancos que estaban tocando o estilo *cool* na costa oeste americana. Asímesmo, podemos dicir que o **Miles Davis Quintet** devolveu ó jazz o *blues* e a improvisación que o *cool* eliminaran. Romperon con este estilo e conseguiron diferenciarse do resto dos grupos gracias ó peculiar estilo de Davis e do vibrante son do saxo de **John Coltrane**. A prensa proclamounos “os salvadores do jazz”, gravando discos entre 1955 e 1956 que os consagraron como os músicos máis avanzados desta xeración. Outra asociación fundamental é a do pianista **Thelonius Monk** con Coltrane e o quinteto de **Horace Silver**, considerado o primeiro pianista *funk* da historia pola influencia afroamericana góspel que tan claramente describiu ó *hard bop* e o fixo diferenciarse do *be bop*. Destaca o gran número de toda unha xeración de grandes músicos como: **Philly Joe Jones, Roy Haynes, Jimmy Cobb, Paul Chambers, Charles Mingus, Wynton Kelly, Red Garland, West Montgomery, Kenny Burrell, Clifford Brown, Lee Morgan, Blue Mitchell, Donald Byrd, Curtis Fuller, Slide Hampton, Jackie Malean, Cannonball Adderley, Phil Woods, Sonny Rollins, Dexter Gordon, Benny Golson**, etc..



Art Blakey

Benny Golson

Lee Morgan

John Coltrane

Clifford Brown

JAZZ MODAL

Cara finais da década de 1950, estimulados polos experimentos de **George Russell** os músicos comezaron a empregar un enfoque modal. Optouse por non escribir as pezas cos cambios convencionais de acordes, utilizando no seu lugar escalas procedentes e basadas nos modos gregorianos. As forma solistas cambiaron drásticamente coa chegada do *jazz modal*. No *be bop*, o solista normalmente constrúe os solos para que quepan nun conxunto particular de cambios de acordes. No *jazz modal*, ó contrario, sóese empregar un acorde durante varios compases, polo que o solista pode crear interés por explorar a interpretación rítmica e a melodía. O *jazz modal* é, en certo sentido, un retorno á melodía. En 1959, **Miles Davis** grava *Kind of Blue*, considerado o disco máis importante e influínte do jazz. A peza máis representativa é *So What*, construída e basada en Re dórico e Mib dórico, é o modelo máis claro do concepto de improvisación modal.

Moitos críticos non acaban de poñerse de acordo se o *jazz modal* se debe clasificar como subxénero a parte, ou como parte do *cool*. O que sí está claro é que o *cool* influíu de maneira decisiva na creación do *jazz modal*, que, ante todo, é un cocepto de improvisación e interpretación relaxado e totalmente contraposto ós estilos *be bop* e *hard bop*. Entre os músicos que destacaron na evolución deste estilo atopamos a Miles Davis, **John Coltrane**, **Bill Evans**, **Herbie Hancock**.



Miles Davis



John Coltrane



Bill Evans



Herbie Hancock

FREE JAZZ

O *free jazz* nace a comezos de 1960, coa publicación do disco homónimo de **Ornette Coleman** e o seu dobre cuarteto, que supuña unha revolución estilística no jazz, pero, non soamente iso, senón unha posta en crisis, una relectura e unha superación de todo o que fora o jazz ata o momento, cuestionando os fundamentos socio-culturais tanto como o seu desenvolvemento histórico. A partir do seu nacemento hai o *free jazz* recibe unha gran cantidade de rexeitamentos que se resumen nunha soa frase: «Isto non é música». Críticas que, por outra

parte, proveñen non só do público ou de periodistas especializados, senón de músicos de jazz, como Roy Eldridge o Quincy Jones. Ademais de Coleman, **Cecil Taylor**, **Eric Dolphy** e **Don Cherry** son os principais iniciadores desta liña. Pero músicos xa reputados, como **Charles Mingus**, ou **John Coltrane**, apártanse das temáticas tradicionais para concentrar os seus esforzos sobre un tratamento exasperado da temática sonora.




Ornette Coleman



Cecil Taylor



Eric Dolphy



Don Cherry

JAZZ-ROCK

Sobre finais da década de 1960 e comezos de 1970 o jazz atópase nunha etapa que os propios grandes do jazz da época califican de confusa o que ocasiona o desánimo en moitos sen saber cara que rumbo vai o barco. Realmente co término *jazz-rock* nos estamos referindo a todas as variantes do jazz da época, que en maior ou menor medida experimentan un proceso de *fusión*, polo que moitos críticos prefiren falar de *jazz rock fusion* ou de *fussion*. Nesta etapa hai que resaltar a innovación e influencia do grupo **Weather Report**, formado por jazzman de renome como **Joe Zawinul**, **Wayne Shorter**, **Alex Acuña**, **Jaco Pastorius** e **Chester Thompson**. Destacan tamén intérpretes como **Chick Corea**, **Keith Jarret**, **Miles Davis**, **Herbie Hancock**, **Ornette Coleman**, **Cecil Taylor**, a **Mahavishnu Orchestra**, **John McLaughlin**, etc..



Weather Report: Wayne Shorter, Alex Acuña, Jaco Pastorius, Joe Zawinul e Chester Thompson